



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 16/02/2015 11:34:37

ENTRADA 3273 / RX 304071



Sr. Xefe Territorial
Xefatura Territorial de Ourense
Consellería de Economía e Industria
Xunta de Galicia

Asunto: Informe do dereito mineiro "Naira nº 382" no concello de Vilar de Santos (Ourense)

Serafín González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que a explotación que se pretende ampliar está suxeita á Declaración de Impacto Ambiental Marco e Plan Director de Restauración para as explotacións Mineiras a Ceo Aberto na Lagoa de Antela (Ourense) de 02 de febreiro de 2001, e á súa modificación de 23 de maio de 2003.
2. Que a zona da explotación sitúase nas antigas veigas de Vilar de Santos a carón do emisario da antiga lagoa de Antela.
3. Que coa ampliación solicitada, a charca da explotación mineira pasaría a lindar directamente cos bordes oeste e sur da parcela 2031, do polígono 501, propiedade do Banco de Terras de Galicia (Expediente BANTEGAL 20073200237, referencia catastral 32091A501020310000LH), que foi solicitada por SGHN o 30-04-2012 e que, por Resolución do 22-01-2015 do Subdirector de Mobilidade de Terras, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, está alugada á SGHN para os vindeiros 30 anos "con fins de conservación do medio, mantemento do pasteiro e arborado autóctono" (véxase copia adxunta da Resolución).

SOLICITA

1. Que, con carácter preceptivo e vinculante, antes de autorizar a ampliación solicitada se verifique que nas zonas xa explotadas pola mesma empresa se cumpren todos os condicionados establecidos pola Declaración de Impacto Ambiental Marco e Plan Director de Restauración para as explotacións Mineiras a Ceo Aberto na Lagoa de Antela (Ourense) de 02 de febreiro de 2001, e á súa modificación de 23 de maio de 2003.
2. Que baixo ningún concepto se autorice o emprego de escombros, ou refugallos semellantes, na "restauración" das marxes da charca.
3. Que, co fin de acadar efectos sinérxicos positivos entre o plan de restauración da areeira e o plan de conservación de hábitats e especies con mantemento de pasteiro natural na parcela do BANTEGAL alugada a SGHN, se inclúan os seguintes condicionados na posible autorización da ampliación:
 - a. Que, na medida do posible, o material de rechazo da explotación se deposite nas zonas da charca areeira colindantes coa parcela do BANTEGAL alugada a SGHN, para formar unha praia areosa de pendente suave e zonas de augas baixas que dese xeito se continuará coa vexetación de pasteiro e constituirá un hábitat favorable para numerosas especies de flora e fauna.
 - b. Que, para manter a fisionomía de espazo despexado característica das veigas tradicionais e favorecer a conectividade coa parcela do BANTEGAL alugada a SGHN, non se planten árbores nas marxes da charca colindantes coa dita parcela e nas súas proximidades.

En Santiago de Compostela a 16 de febreiro de 2015


Serafín González Prieto

Presidente SGHN





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia, nº 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela (A Coruña)
<http://agader.xunta.es>
bancodeterras@xunta.es
CIF Q-1500273F



DATOS DO PREDIO: (códigos SIXPAC 2007)
Ref. Catastral 32091A501020310000LH
Concello 091 – Vilar de Santos
Polígono 501 Parcela 2031
Superficie 5.400 m²

Sociedade Galega de Historia Natural
Serafín Jesús González Prieto

SANTIAGO DE

COMPOSTELA

15706


A Coruña

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLV. RURAL (AGADER)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/01/2015 10:50:51

SAÍDA 334 / RX 84837



PROCEDEMENTO: Cesión temporal de predio integrante do Banco de Terras de Galicia
ASUNTO: Notificación da resolución sobre a adxudicación da cesión temporal de predios
EXPEDIENTE: 20073200237

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, ditou resolución sobre a adxudicación da cesión temporal do predio arriba indicado, **sendo vostede á persoa á que se lle adxudicou a cesión.**

Xunto con esta notificación achégolle unha copia da resolución e infórmolle que no prazo aproximado dun mes, remitirémolle o contrato por escrito en dobre exemplar.

Notificación e recursos: Mediante este documento notifícase á persoa interesada o contido da resolución ou acto administrativo, en cumprimento do disposto no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Contra a citada resolución ou acto administrativo, que non esgota á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo **DE (1) UN MES**, recurso de alzada, ante o Consello de Dirección de Agader, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992. Non obstante, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.*

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2015

O subdirector de Mobilidade de Terras

Alejandro Sánchez de Dios